



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE 2024, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretaria	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e seis de setembro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesión anteriores (31/07/2024).

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 31/07/2024 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, da Conta xeral do exercicio 2023 (Expediente 2024/T017/000001)

Vista a Conta Xeral correspondente ao orzamento do ano 2023, rendida polo Alcalde-Presidente por resolución da alcaldía núm. 485/2024 do 17.07.2024.

Visto o ditame favorable da Comisión de economía e especial de contas do 29.07.2024.

Visto que a Conta Xeral foi obxecto de exposición pública durante quince días, dende o día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP núm. 148 do 02.08.2024) ata o 26.08.2024

Vista a certificación da secretaría do 02.09.2024 no que consta que durante o dito prazo non se presentaron reclamacións reparos ou observacións.

Á vista do anterior e ao obxecto de dar cumprimento aos requisitos previstos no artigo 212 do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais (TRLRFL), propónse ao Pleno ACORDAR:



Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do Orzamento de 2023 do Concello de Vedra, composta pola seguinte documentación:

Contas anuais:

- a) Balance
- b) Conta do resultado económico-patrimonial
- c) Estado de cambios no patrimonio neto
- d) Estado de fluxos de efectivo
- e) Estado de Liquidación do orzamento
- f) Memoria comprensiva dos seguintes apartados:
 - Organización e actividade.
 - Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración.
 - Bases de presentación das contas.
 - Normas de recoñecemento e valoración.
 - Inmobilizado material.
 - Patrimonio público del solo.
 - Inxestimentos inmobiliarios.
 - Inmobilizado intanxible.
 - Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar.
 - Activos financeiros.
 - Pasivos financeiros.
 - Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias.
 - Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.
 - Provisións e continxencias.
 - Información sobre medio ambiente.
 - Activos en estado de venda.
 - Presentación por actividades da conta del resultado económico patrimonial.
 - Resumo do desenvolvemento do proceso de xestión dos recursos.
 - Operacións non orzamentarias de tesouraría.
 - Contratación administrativa.
 - Valores recibidos en depósito.
 - Información orzamentaria.
 - Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios.
 - Información sobre el custe da entidade
 - Acontecementos posteriores ao peche.
 - Estado de Conciliación Bancaria.
 - Balance de Comprobación.

Ás contas anuais acompañase a seguinte información complementaria:

- a) Acta de arqueo a fin de exercicio.
- b) Certificacións dos saldos existentes nas mesmas a fin de exercicio.

Segundo: Remítala ao Tribunal de Contas atendendo ao modelo e formato normalizado recomendado pola Resolución de 13 de novembro de 2015, da Intervención Xeral da



Administración do Estado, pola que se recomenda un novo formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático para a súa rendición, e que responde ao esquema de ficheiro formato “xml”, remitíndose telematicamente a través do portal de rendición de contas.

O Sr. Pose, do BNG, quere deixar constancia de que o concello segue cunha débeda de 2.700.000 € en 2023. Xa están nun 66% da débeda en relación aos ingresos, preto do 75%.

A Presidencia responde dicindo que o dato de verdade non é ese. En calquera caso é un documento técnico e contestaralle no seguinte pleno.

Posto a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco abstencións do BNG e PSdeG-PSOE.

3º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Pavillón Polideportivo municipal. (Expediente 2024/G013/000002)

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do Regulamento de réxime interno do Pavillón Polideportivo Municipal de Vedra (Expediente núm. 2024/G013/000002), no que se acreditan os seguintes antecedentes:

-Providencia da Alcaldía de data 24 de xullo e informe de Secretaría da mesma data.

-Anuncio na páxina web (<https://www.concellodevedra.es>) da Consulta pública o día 24 de xullo e certificación de Secretaría do resultado da mesma.

-Proxecto de Regulamento.

-Informe –proposta de Secretaría de data 17.09.2024

Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude do disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Regulamento de réxime interno do Pavillón Polideportivo Municipal de Vedra, cuxo texto íntegro se achega como Anexo.

SEGUNDO.- Someter dito Regulamento á exposición pública coa publicación mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no citado prazo considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente o texto íntegro do Regulamento estará a disposición para a súa consulta na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>).

TERCEIRO: Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia (BOP), de conformidade co disposto no artigo 70.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e entrará en vigor transcorrido o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 do citado texto legal

Posto a votación apróbase por unanimidade.



4º.- Aprobación, se procede, do expediente de modificación de créditos núm. 16/24, modalidade transferencias de crédito entre distintas áreas de gasto. Expediente 2024/T002/000016)

Tendo en conta que nesta data o orzamento en vigor é o orzamento xeral para 2024, aprobado polo pleno da corporación en sesión ordinaria do 28.12.2023 (BOP núm. 23 do 31.01.2024).

Sendo preciso dotar crédito nas aplicacións que a continuación se exporán co obxecto de dotarlles de cobertura orzamentaria para gastos vinculados a:

- Prestacións de servizos nas áreas de servizos sociais, fomento de emprego e urbanismo.
- Traballos de mantemento e reparacións en vías públicas e recollida de lixo
- Transferencias á entidades sen ánimo de lucro na área de administración xeral.

Considerando que minoración do crédito dispoñible na aplicación que cede o crédito non dará lugar a unha perturbación dos servizos.

Visto que por providencia da alcaldía acordouse o inicio da tramitación do expediente de modificación de crédito mediante transferencias de crédito entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto por importe acumulado de 127.000,00 € solicitándose informe á intervención.

Visto o informe de intervención do 17.09.2024 no que se establece que a transferencia, tal e como se estrutura, prodúcese entre aplicacións a distintas áreas de gasto, polo que o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno do Concello, en aplicación do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, 40.3 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e da base 10ª da das de execución do orzamento do Concello do ano 2024.

Tendo en conta o anterior e a documentación que obra no expediente 2024/T002/000016, proponse ao Pleno:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 16/2024 na modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto por importe acumulado de 127.000,00 euros de acordo co seguinte detalle:

TRANSFERENCIAS ENTRE APLICACIÓNS PERTENCENTES Á DISTINTA ÁREA DE GASTO

a) Aplicacións que ceden crédito.

b)

Aplicación	Destino	Crédito a ceder
312.63200	Centros de saúde. Investimentos de reposición	127.000,00 €

c) Aplicacións que reciben crédito.

Aplicación	Destino	Crédito a ceder
151.22706	Urbanismo. Estudos e traballos técnicos	10.000,00 €
1531.21000	Acceso núcleos pob. Mantemento infraestruturas e bens naturais	10.000,00 €
1531.21400	Acceso núcleos pob. Mantemento vehículos	11.000,00 €
1621.21400	Recollida do lixo. Mantemento de vehículos	10.000,00 €
1532.21000	Pavimentación. Mantemento de infraestruturas e bens naturais	25.000,00 €



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

241.22799	Fomento do emprego. Traballos realizados por outras empresas	3.000,00 €
231.21000	Asistencia social. Mantemento infraestruturas	15.500,00 €
231.22799	Asistencia social. Outros traballos realizados por empresas	40.000,00 €
920.48000	Admón xeral. Transferencias a entidades sen ánimo de lucro	2.500,00 €

SEGUNDO: Expoñer este expediente ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas

O Sr. Pose, do BNG, di que o seu grupo se vai opor. É o segundo ano que o grupo de goberno retira os fondos destinados ao centro de saúde. no seu momento anunciara nos medios de comunicación que asinara un convenio de 600.000 € e agora resulta que non era certo, que o van asinar dentro duns meses. Ese convenio supón que a consellería pon o 80% e o concello o 20%, que veñen sendo uns 120.000 € que agora van volver usar por segundo ano para as súas cousas. Se teñen un convenio asinado deben usar eses cartos para executar o convenio.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que ten diante as dúas modificacións de crédito, a do ano anterior e a deste ano. Hai partidas que reciben crédito que son exactamente as mesmas, por tanto, enténdese que todos os anos van precisar crédito para esas mesmas partidas e que a primeiros de ano isto non se contempla, cando saben que o van necesitar. Entre elas a de urbanismo – estudos e traballos técnicos que o ano pasado precisou de 5.000 € este ano de 10.000 €, ou a de acceso a núcleos de poboación ou asistencia social.

Espera que para o ano que vén os orzamentos estean máis axeitados ás necesidades reais.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que xa se sabe que os orzamentos son movibles, que hai partidas que a finais de ano quedan curtas, outras que non se puideron executar e que hai que facer modificacións de crédito. Non lle parece que a finais de setembro propoñan unha modificación de crédito de 127.000 € destinada ao centro de saúde, cando hai un ano fixo outra modificación de 119.000 €, na cal dixo que o centro de saúde era unha prioridade para o grupo de goberno e que a súa intención era que no ano 2024 se fixera a primeira reforma.

Pregunta por que teñen que crer agora que a reforma vai ser no 2025.

A Presidencia contesta que todos os concellos fan modificación de créditos porque os orzamentos non deixan de ser unha previsión e ao longo do ano van pasando cousas que non están previstas como os incrementos de custes ou obras que non estaban previstas. Non é unha gran modificación de crédito partindo dun orzamento de 5.000.000 €.

Contesta a dona Yolanda Vieiro que esas partidas engloban moitas outras máis pequenas. Por exemplo en urbanismo, se houbo que facer algúns proxectos para pedir subvencións que non estaban no orzamento, obviamente hai que modificar esa partida.

En canto ao centro de saúde, di que é o primeiro ao que non lle gusta que se estea retrasando a reforma. Déronse unha serie de circunstancias que propiciaron ese retraso. Unha delas, e a máis importante, foi a discusión entre o Concello e a Xunta pola porcentaxe de financiamento. O Concello quería un financiamento dun 80% (Xunta de Galicia) - 20% (concello), porque é unha obra que comeza nuns 300.000 € e pode chegar ata os 500/600.000 €. Tamén influíron os procesos electorais que paralizaron moitas das axudas, como está a suceder agora no Estado. Conseguiron o compromiso de financiamento do 80/20% que culminou cunha reunión en xullo de 2024 co actual Conselleiro e a Directora xeral de recursos económicos onde confirman esta circunstancia e foron eles os que sacaron a nota de prensa na que ratifican o acordo. A nota de prensa di: “Procederáse á sinatura do convenio de colaboración polo cal a Xunta e o Concello realizarán a reforma”.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



O convenio asinarase nas próximas semanas. Entre a adxudicación e demais trámites, non se poderá comezar a execución no 2024, máximo sabendo que hai que realizar un plan de execución das obras para non entorpecer o servizo. Por iso se pode usar esa partida de crédito.

O Sr. Pose, do BNG, di que equivocarse dúas veces na mesma partida orzamentaria é pouco intelixente. Se todos os anos hai a necesidade de 120.000 € que retiran da partida do centro de saúde, e chegan a finais de ano xustos co orzamento, pregunta de onde pensan sacar os 120.000 € o ano que vén para acollerse ao convenio.

A Presidencia responde que ao longo do ano tamén hai ingresos non previstos que computan, e por iso cre que o resultado do exercicio vai ser bo. Por exemplo, na partida de corresponsables presupostáronse 50.000 € e ao final conseguíronse 130.000 € de ingresos de subvención doutras administracións; unha subvención da Deputación de técnico de turismo do ano 2023 de 16.000 €; 10.000 € de subvención de corresponsables do 2023; a subvención da Xunta para a obra de auga feita en Trasariz con medios propios, e como o persoal xa está pagado, esa subvención fai que teñan máis tesourería; baixas de execucións, etcétera.

O Sr. Pose, do BNG, di que aínda con ese maná, precisaron de 120.000 €. Pregunta que vai pasar para o ano. Levan 15 anos de retraso na reforma do centro de saúde, que é unha necesidade, non un éxito.

Posto a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco abstencións do BNG e PSdeG-PSOE.

5º.- Aprobación, se procede, sobre convenio marco de encomenda de xestión ao concello de Curtis para a execución do proxecto senlleiro de dixitalización para a posta en valor da ruta das igrexas e da denominación de orixe Arzúa-Ulloa, na categoría de “Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da Comarca”, subvencionado pola axencia galega de desenvolvemento rural da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

Declárase a urxencia deste punto da orde do día, que é aprobado por unanimidade.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 640/24, de data 20.09.2024, cuxo contido íntegro é o seguinte:

“Asunto: Aprobación encomenda de xestión ao Concello de Curtis e texto do convenio para a execución do proxecto senlleiro de dixitalización para a posta en valor da ruta das igrexas e da denominación de orixe Arzúa -Ulloa, na categoría de Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da Comarca, subvencionado polo Agader. Expediente: 2024/A006/000005

A finalidade deste proxecto é identificar os recursos patrimoniais de carácter cultural, natural e gastronómico no territorio definido no proxecto mellorando a competitividade territorial, poñer en valor o patrimonio vinculado coas actividades produtivas e crear un produto innovador e atractivo enfocado á creación de roteiros de experiencias vinculadas cos procedementos produtivos do territorio cultural e gastronómico.

Dado que o Concello de Vedra está dentro do ámbito de actuación descrito, solicitan a encomenda de xestión a favor deste Concello de Curtis para levar a cabo esta actuación de carácter supramunicipal.

De acordo co disposto nos artigos 22.2.p) en relación co artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a competencia para a adopción de acordos en materias como a transferencia de funcións ou actividades a outras administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións correspóndelle ao Pleno por maioría absoluta.



RESOLVO:

PRIMEIRO.- Encomendarlle ao Concello de Curtis as actuacións subvencionables do *Proxecto senlleiro de dixitalización para a posta en valor da ruta das igrexas e da denominación de orixe Arzúa – Ulloa*, no termo municipal de Vedra, conforme ao previsto no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril (LRBRL).

SEGUNDO.- Aprobar o texto do convenio marco que recolle todos os aspectos relativos ao obxecto, obrigas, financiamento e vixencia da encomenda e que queda engadido ao expediente

TERCEIRO.- Remitir certificación do acordo xunto co texto do convenio ao Concello de Curtis, para a súa aceptación e sinatura

CUARTO.- Publicar o citado convenio e o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia

QUINTO.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do convenio e de cantos documentos sexan precisos para a consecución deste acordo.”

A Presidencia di que se presenta por urxencia porque o concello de Curtis ten que licitar as obras de xeito inmediato e necesita as encomendas de xestión por parte de todos os concellos. Aprobeuse por Resolución de alcaldía e hai que ratificalo en sesión plenaria.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta que é o que cabería neste convenio (marcadores nas igrexas, páxina web, etc.

A Presidencia responde que tanto Vedra como Boqueixón están dentro da denominación de orixe Arzúa-Ulloa. As actuacións contempladas nas distintas fases son:

Fase I: identificación de recursos e oferta complementaria. Fase II: deseño do produto e creación de experiencias. Fase III: comunicación e información. Fase IV: dixitalización.

Non hai ningunha obriga económica, só facilitar a información que precisen.

O Sr. Pose, do BNG, di que cando alguén asina un convenio deste tipo é porque comparte un orzamento. Pregunta por que non aparece o orzamento e a parte que se vai destinar a Vedra ou se é que non vai haber ningún investimento en Vedra.

A Presidencia responde que é un proceso de dixitalización e produción, non é obra física. Financia todo o Agader a través do concello de Curtis.

Posto a votación apróbbase por unanimidade.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á pregunta sobre a revisión do informe de impacto ambiental en relación á plantación de viñedo en Illobre por se fora cortada algunha carballeira, a Presidencia responde que se revisou e que cumpre o informe de impacto ambiental e non houbo ningunha corta en relación ao que había que protexer. Na resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, na finca 444 da concentración de Sales-Illobre di: “excluíranse do cambio de uso os castiñeiros de repoboación, que son tres hectáreas, e as frondosas , 1,6 hectáreas, localizadas ao norte segundo o plano 4 do documento ambiental”. Esas dúas zonas non as tocaron.

2º.- Sobre a escola de pesca en Cira, di que é un comentario.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



3º.- Respecto ao plan director de estradas, a Presidencia di que aínda non teñen ese plan director de estradas. No seu momento falárono e encargáronllo a unha consultora. Debido ás limitacións económicas falárono coa enxeñaría para que o parase de momento.

O que van facer é un estudo interno co equipo de goberno da situación das pistas e facer unha proposta en relación ás actuacións necesarias nas pistas municipais.

4º.- Sobre o informe de como van os dous millóns de euros que se solicitaron dos fondos Next Generation para vías peonís, a Presidencia di que non concederon a subvención.

5º.- Respecto ao abastecemento de auga no campo da festa do San Quietán, a Presidencia di que a día de hoxe xa está feito.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o patio da ludoteca, a Presidencia di que estaba en mal estado e as propias monitoras pediron a súa retirada para a colocación de novos elementos. Intentarán facelo o antes posible.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ao novo proxecto do centro de día, di que tan pronto estea xa llo pasarán.

7º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose, do BNG, pregunta:

1º.- Cal era o orzamento do plan director.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta se se lle pagou algo a esa empresa que ía facer o plan director de estradas que ao final tivo que deixar, porque son cartos perdidos.
A Presidencia contesta que non se lle pagou nada.

2º.- Parécelle triste que a ludoteca teña que esperar meses para poñer os elementos no parque. Solicita que se poña algún tipo de teito.

3º.- Sobre as obras na antiga escola unitaria de San Mamede, non viu ningún movemento. Pregunta se as van realizar este ano.
A Presidencia responde que se están adxudicando.

4º.- A antiga estación do tren de Santa Cruz non aparece como local municipal. Solicita que se actualice.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta cal é a débeda viva actual do concello.

2º.- Pregunta que falta por executar do POS 2023.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cincuenta minutos.



ANEXO

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE VEDRA

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. O presente regulamento ten por obxecto a regulación do uso do pavillón deportivo municipal de Vedra propiedade do concello de Vedra, de aquí en diante o concello, co propósito de regular o funcionamento da instalación para unha óptima consecución de obxectivos e desenvolvemento das competencias do concello de Vedra de “fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar” e iso é o que pretende co desenvolvemento dun programa de actividades anual.

Artigo 2. A dita instalación está conformada pola pista polideportiva central da instalación, as salas de actividades e o ximnasio, os vestiarios, aseos e almacéns e as zonas de recibidor, escaleiras, acesos e gradas. Todo o conxunto da instalación terá a consideración de ben de dominio público, tanto bens mobles como inmobles, e estarán sometidos a normativas reguladoras autonómicas e estatais vixentes en materia deportiva, de espectáculos públicos culturais e deportivos, e actividades recreativas e deportivas.

Artigo 3. O pavillón permanecerá aberto no horario que estableza o concello e que estarán expostos na entrada, tendo o concello dereito a modificar horarios de actividades e servizos, ou mesmo o peche da instalación, de xeito excepcional ante causas xustificadas, eventos ou actividades de interese público ou causas de forza maior. En calquera deses supostos o concello tratará de avisar coa maior brevidade ás persoas usuarias.

Artigo 4. Na entrada, ou recibidor da instalación figurará nun lugar visible o horario da instalación, as actividades e servizos da mesma, o regulamento de réxime interno e canta documentación se poida colocar coa finalidade de facilitar información ás persoas usuarias.

Artigo 5. En cada espazo deportivo da instalación practicarase preferentemente aqueles deportes ou actividades para os que está destinada. Para o desenvolvemento doutras actividades deportivas que non se axusten ao fin para o que foi construída a instalación, ou actividades non deportivas, deberase contar coa autorización expresa mediante resolución do concello.

Artigo 6. O concello dispón dun seguro de responsabilidade civil que cobre os danos e prexuízos que poidan derivarse do uso da instalación. O concello tamén esixirá ese mesmo seguro a empresa que xestione a instalación.

Artigo 7. O concello e a empresa que xestione a instalación non se fan responsables dos accidentes que poidan acontecer pola práctica deportiva por incumprimento das normas, caso omiso dos sinais e avisos, ou uso incorrecto das instalacións, actividades e servizos. Nese senso, os accidentes que se produzan por esvaróns quedarán baixo a responsabilidade das persoas usuarias.

Artigo 8. Os eventos que non sexan organizados polo concello deberán contar coa autorización expresa deste. En caso de cobro de entrada será propiedade da entidade que as organice, quedando obrigada a mesma ao pago da correspondente taxa municipal, de existir, e facéndose responsable dos impostos en vigor, de existir.

Artigo 9. O concello pode autorizar a instalación de publicidade estática ou móbil, permanente ou non, realizada por calquera elemento técnico ou soporte sempre que cumpra as normas legais



ao respecto, se o solicita algunha entidade deportiva e conforme ás normas ditas polo concello na autorización correspondente.

Artigo 10. Todas as sinalizacións que teña a instalación deberán estar suxeitas á normativa municipal correspondente.

Artigo 11. Segundo a natureza da actividade, servizo, reserva ou concesión estableceranse dous tipos de personalidades:

11.1. Persoas físicas, que responderán individualmente ante o cumprimento das normas e bo uso do pavillón.

11.2. Persoas xurídicas (clubs, federacións, asociacións, ANPAS, centros educativos...) que responderán como colectivos do cumprimento das normas e do bo uso da instalación, sen prexuízo de esixir responsabilidades individuais, como persoas físicas, as persoas integrantes de ditos colectivos, cando estas incumpran as normas de bo uso e conduta na instalación. Ás persoas xurídicas esixiráselles a entrega dunha listaxe coas persoas físicas usuarias da instalación que conforman o colectivo.

Dentro das persoas xurídicas, o CPI de Vedra terá unha consideración especial durante o curso escolar, sendo usuario exclusivo da instalación durante o seu horario lectivo. Nese horario a instalación permanecerá pechada ao público, e asumirá a responsabilidade total e o control da instalación o CPI de Vedra. No horario habitual de apertura da instalación ao público xeral ou aperturas extraordinarias fóra do horario lectivo, o procedemento para utilizar a instalación por parte do CPI de Vedra será idéntico ao das demais persoas xurídicas.

Artigo 12. A práctica deportiva na instalación realizarase co material e vestimenta adecuados, coidando especialmente o calzado, utilizando preferentemente calzado que non marque o chan das distintas zonas deportivas.

Artigo 13. Non estará permitido xogar, quentar ou realizar calquera outra actividade deportiva nos vestiarios, accesos, gradas ou todas aquelas zonas que non se consideren deportivas.

Artigo 14. Estará totalmente prohibido fumar na instalación, e a introdución e consumo de alcohol e sustancias estupefacientes na instalación, así coma a exhibición de pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que polo seu contido ou significado inciten á violencia, odio, racismo, etc. Queda totalmente prohibido introducir armas ou obxectos utilizables como armas, bengalas ou fogos de artifício.

CAPÍTULO II

Do acceso a instalación

Artigo 15. O acceso ao pavillón deportivo municipal de Vedra supón a aceptación das normas e contidos deste regulamento.

Artigo 16. Permitirase o acceso á instalación ao público xeral e ás persoas usuarias do xeito e forma que se indica a continuación:

16.1. Persoas usuarias habituais.

Soamente poderán acceder as zonas deportivas e aos espazos establecidos na súa inscrición ou reserva e aos vestiarios as persoas usuarias da instalación que cumpran un dos seguintes requisitos, e estean inscritas segundo o procedemento de cada actividade ou servizo:

16.1.1. Persoas inscritas nas actividades deportivas para adultos.

16.1.2. Nenas e nenos das actividades deportivas en idade escolar.



16.1.3. Persoas aboadas ao ximnasio municipal.

16.1.4. Persoas que participen en competicións ou eventos ou ligas, federados ou non federados, de carácter regular, organizados polo concello.

16.1.5. Persoas que reserven a pista polideportiva.

16.1.6. Integrantes de colectivos de persoas xurídicas (colexios, ANPAS, clubs, federacións, asociacións...) para práctica deportiva regular.

16.2. Persoas usuarias eventuais.

Son as persoas que participan en eventos ou competición de carácter puntual: neste suposto incluíranse:

- Deportistas, técnicos e delegados dos equipos federados visitantes de competicións federadas.
- Os equipos arbitrados nas competicións federadas, ou de calquera outra competición ou evento, regulares ou puntuais.
- Deportistas ou persoas participantes en eventos federados ou non federados, deportivos ou non deportivos de carácter puntual.

Todas estas persoas poderán acceder segundo corresponda aos espazos autorizados, segundo o regulamento do propio evento ou actividade ou segundo o reflectido na concesión de uso eventual correspondente: zonas deportivas ou vestiarios. Terán a todos os efectos os mesmos dereitos e obrigas que as persoas usuarias.

16.3. Persoas non usuarias.

As demais persoas: pais e nais de nenas e nenos das escolas deportivas, acompañantes, público das competicións e/ou eventos, e en xeral calquera persoa que acceda á instalación como público ou a solicitar información non terá a condición de persoa usuaria. Poderá acceder aos espazos comúns da instalación: recepción, oficina, gradas, aseos., pero non ás zonas deportivas nin aos vestiarios salvo autorización expresa.

Cando se trate do uso da instalación mediante a reserva dunha persoa física para un grupo de persoas físicas, ou a participación en actividades deportivas organizadas polo concello de equipos (ligas de fútbol sala ou outros deportes) que non estean baixo o amparo dun colectivo con personalidade xurídica, a persoa que efectúe a reserva ou inscriba ao equipo será a responsable ante o concello do cumprimento das normas e do bo uso da instalación.

Artigo 17. Coa finalidade de promover a seguridade e a protección das persoas usuarias, deportistas e público, non se permitirá acceder a instalación con:

17.1.- Pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que polo seu contido ou significado inciten a violencia odio, racismo, etc.

17.2.- Armas ou obxectos utilizables como armas.

17.3.- Bengalas ou fogos de artificios.

Artigo 18. Non estará permitido acceder á instalación con bebidas alcohólicas, nin sustancias estupefacientes, estando tamén prohibido o consumo na mesma, constituído unha falta tipificada



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal
como moi grave, ante a que se aplicarán as sancións que se especifican máis adiante no regulamento de sancións de faltas moi graves.

Artigo 19. Non estará permitido fumar na instalación, constituído unha falta tipificada como moi grave, ante a que se aplicarán as sancións que se especifican máis adiante no regulamento sancionador de faltas moi graves.

CAPITULO III

Das actividades e servizos da instalación

Artigo 20. A instalación prestará os seguintes servizos e actividades dentro do horario de apertura:

20.1. Actividades deportivas municipais en idade escolar.

20.2. Actividades deportivas municipais para adultos.

20.3. Ximnasio municipal.

20.4. Reserva da pista polideportiva para a práctica deportiva.

20.5. Organización de eventos ou competicións deportivas federadas ou non federadas regulares de titularidade municipal.

20.6. Organización de eventos ou competicións deportivas federadas ou non federadas puntuais de titularidade municipal.

20.7. Organización doutros eventos municipais non deportivos con carácter puntual.

20.8. Concesión regular anual para a práctica de actividade deportiva regular (adestramentos e competicións federadas) a entidades con personalidade xurídica: organismos, colexios, asociacións, federacións, clubs, etc.

20.9. Concesión puntual de espazos a entidades con personalidade xurídica: organismos, colexios, asociacións, federacións, clubs, etc. para a celebración de actividades ou eventos deportivos federados ou non federados, dentro do horario de apertura da instalación.

20.10. Concesión puntual a persoas xurídicas para a celebración doutros eventos non deportivos, dentro do horario de apertura da instalación.

Nas concesións, será responsabilidade do colectivo ao que se lle concede a instalación, o coidado da mesma e o cumprimento do presente regulamento non participando o concello na xestión da actividade ou competición que se programe e quedando exento de responsabilidade sobre a mesma.

Artigo 21. O pavillón fóra do horario de apertura habitual prestará os seguintes servizos e actividades:

21.1. Organización de eventos ou competicións deportivas federadas ou non federadas regulares de titularidade municipal.

21.2 Organización de eventos ou competicións deportivas federadas ou non federadas puntuais de titularidade municipal.

21.3. Organización doutros eventos municipais non deportivos con carácter puntual.



21.4. Concesión regular anual para competicións deportivas federadas a clubs.

21.5. Concesión puntual de espazos a entidades con personalidade xurídica: organismos, colexios, asociacións, federacións, clubs, etc. para a celebración de actividades ou eventos deportivos federados ou non federados.

21.6. Concesión puntual a persoas xurídicas para a celebración doutros eventos non deportivos.

21.7. Concesión especial ao CPI de Vedra durante o horario lectivo e o curso escolar.

Nas concesións, será responsabilidade do colectivo ao que se lle concede a instalación o coidado da mesma e o cumprimento do presente regulamento, non participando o concello na xestión da actividade ou competición que se programe e quedando exento de responsabilidade sobre a mesma.

Artigo 22. Normativa específica das persoas usuarias das distintas actividades e servizos da instalación:

22.1. Dentro do horario habitual de apertura da instalación:

22.1.1. Actividades deportivas municipais en idade escolar:

O calendario, procedementos de inscrición e baixa estableceranse no plan anual de actividades e servizos da instalación e aboaranse as taxas que estean recollidas na Ordenanza Municipal.

A demais normativa específica das actividades deportivas en idade escolar serán:

- A) Para acceder ás zonas deportivas é obrigatorio que os/as alumnos/as estean debidamente inscritos nas actividades.
- B) Os/as alumnos/as permanecerán nas zonas deportivas (arredores da pista, polideportivo e sala de actividades) única e exclusivamente o tempo que dure a mesma. Soamente poderán acceder a ditas zonas no momento do inicio da actividade e deberán abandonala obrigatoriamente unha vez remate.
- C) Para acceder á pista polideportiva é necesario usar calzado deportivo diferente ao da rúa e roupa axeitada para a práctica deportiva.
- D) Os/as alumnos/as serán responsabilidade do persoal da instalación só durante o tempo que dure a actividade.
- E) Antes do inicio e despois do remate da actividade na que estean inscritos/as a responsabilidade dos cativos é total e absoluta dos pais/titores, mesmo dos posibles danos que poidan causar a terceiros ou ao mobiliario da instalación.
- F) Os pais/titores dos/das alumnos/as non accederán ás zonas deportivas excepto no momento de deixar e recoller os cativos (agás en casos especiais, previa autorización da dirección e/ou monitores da instalación).
- G) Queda totalmente prohibido comer nas zonas deportivas (recinto da pista polideportiva, ximnasio e salas de actividades), podendo facelo no resto da instalación e nas zonas habilitadas ao efecto.
- H) Colocaranse os materiais nos seus lugares unha vez sexan utilizados.



- D) Non se abandonarán desperdicios nas zonas deportivas, nin en ningún outro lugar da instalación, debendo depositalos nas papeleiras habilitadas para tal fin.

En calquera caso, todas as persoas usuarias das actividades deportivas municipais, terán os dereitos e obrigas das persoas usuarias recollidos no presente regulamento e o cumprimento das normas que rexen nos distintos espazos da instalación. Do mesmo xeito, de haber público estes terán os dereitos e obrigas das persoas non usuarias do presente regulamento.

22.1.2. Actividades deportivas municipais para adultos:

O calendario, procedementos de inscrición e baixa estableceranse no plan anual de actividades e servizos da instalación e aboaranse as taxas que estean recollidas na Ordenanza Municipal.

A demais normativa específica das actividades deportivas para persoas adultas será:

- A) Para acceder ás zonas deportivas é obrigatorio que os/as alumnos/as estean debidamente inscritos nas actividades.
- B) Os/as alumnos/as permanecerán nas zonas deportivas (arredores da pista, polideportivo e sala de actividades) única e exclusivamente o tempo que dure a mesma. Soamente poderán acceder a ditas zonas no momento do inicio da actividade e deberán abandonala obrigatoriamente unha vez remate.
- C) Para acceder á pista polideportiva e ás salas de actividades é necesario usar calzado deportivo diferente ao da rúa e roupa axeitada para a práctica deportiva.
- D) Queda totalmente prohibido comer nas zonas deportivas (recinto da pista polideportiva, ximnasio e salas de actividades), podendo facelo no resto da instalación e nas zonas habilitadas ao efecto.
- E) Colocaranse os materiais nos seus lugares unha vez sexan utilizados
- F) Non se abandonarán desperdicios nas zonas deportivas, nin en ningún outro lugar da instalación, debendo depositalos nas papeleiras habilitadas para tal fin.

En calquera caso, todas as persoas usuarias das actividades deportivas municipais, terán os dereitos e obrigas das persoas usuarias recollidos no presente regulamento e o cumprimento das normas que rexen nos distintos espazos da instalación. Do mesmo xeito, de haber público estes terán os dereitos e obrigas das persoas non usuarias do presente regulamento.

22.1.3. Ximnasio municipal.

O calendario, procedementos de inscrición e baixa estableceranse no plan anual de actividades e servizos da instalación e aboaranse as taxas que estean recollidas na Ordenanza Municipal.

A demais normativa específica do ximnasio será:

- A) Poderán acceder ao ximnasio as persoas usuarias que estean aboadas ao mesmo.
- B) Para o acceso ao ximnasio será necesario pasar a tarxeta identificadora polo lector na entrada do mesmo. A tarxeta é de uso unipersoal e non se pode prestar a terceiros.
- C) Estará totalmente prohibido acceder sen tarxeta. Cando unha persoa se esqueza da mesma debe dirixirse ao persoal responsable da instalación e serán eles que lle indiquen a forma de acceso.
- D) Poderase estar no ximnasio todo o tempo que este permaneza aberto.



- E) Non poderán baixo ningún concepto acceder ao ximnasio persoas menores de 18 anos.
- F) É obrigatorio acceder con calzado deportivo ao ximnasio, e recoméndase que este sexa diferente ao calzado co que se accede dende a rúa, e que se utilice roupa deportiva.
- G) É obrigatorio usar unha toalla para limpar a suor e limpar os aparellos unha vez utilizados.
- H) É obrigatorio deixar libre os aparellos durante os descansos e respectar os tempos dos mesmos.
- I) Na zona de peso libre é obrigatorio colocar os discos, barras e pesas nos seus lugares unha vez utilizadas.
- J) Está prohibido sacar material do ximnasio, salvo autorización do persoal da instalación.
- K) Está prohibido comer no ximnasio.
- L) Utilizaranse as papeleiras do ximnasio, non deixando obxectos nin desperdicios abandonados. As persoas usuarias colaborarán para manter limpa a instalación.
- M) Respectaranse os horarios de funcionamento e evacuación da instalación e as indicacións do persoal empregado nese senso.

En calquera caso, todas as persoas usuarias do ximnasio, terán os dereitos e obrigas das persoas usuarias recollidos no presente regulamento e o cumprimento das normas que rexen nos distintos espazos da instalación. Do mesmo xeito, de haber público estes terán os dereitos e obrigas das persoas non usuarias do presente regulamento.

22.1.4. Reserva da pista polideportiva para a práctica deportiva.

O calendario e procedementos de reserva estableceranse no plan anual de actividades e servizos da instalación e aboaranse as taxas que estean recollidas na Ordenanza Municipal.

As reservas de pista non contarán con outra normativa específica que non sexa a recollida no presente regulamento como obrigas e dereitos das persoas usuarias e o cumprimento das normas que rexen nos distintos espazos da instalación.

22.1.5. Organización de eventos ou competicións deportivas federadas ou non federadas regulares de titularidade municipal.

O concello incluírá no plan anual de actividades e servizos da instalación, actividades deportivas federadas ou non federadas regulares, tales como ligas. Nelas detallaranse os procedementos e prazos de inscrición e as normas específicas das mesmas, así como as taxas e o prezo das mesmas.

En calquera caso, todas as persoas que se inscriban en ditas competicións ou eventos, terán os dereitos e obrigas das persoas usuarias recollidos no presente regulamento e o cumprimento das



normas que rexen nos distintos espazos da instalación. Do mesmo xeito, de haber público estes terán os dereitos e obrigas das persoas non usuarias do presente regulamento.

22.1.6. Organización de eventos ou competicións deportivas federadas ou non federadas puntuais de titularidade municipal.

O concello poderá organizar eventos ou competicións con carácter puntual, tales como campus ou campionatos. Neles detallaranse os procedementos e prazos de inscrición e as normas específicas das mesmas, así como as taxas e o prezo das mesmas.

En calquera caso, todas as persoas que se inscriban en ditas competicións ou eventos, terán os dereitos e obrigas das persoas usuarias recollidos no presente regulamento e o cumprimento das normas que rexen nos distintos espazos da instalación. Do mesmo xeito, de haber público estes terán os dereitos e obrigas das persoas non usuarias do presente regulamento.

22.1.7. Organización doutros eventos municipais non deportivos con carácter puntual.

O concello poderá programar en calquera momento outro tipo de actividades non deportivas (semana da ciencia, exposicións...) Nelas detallaranse os procedementos e prazos de inscrición e as normas específicas das mesmas, así como as taxas ou o prezo das mesmas.

En calquera caso, todas as persoas que se inscriban en ditos eventos ou actividades, terán os dereitos e obrigas das persoas usuarias recollidos no presente regulamento e o cumprimento das normas que rexen nos distintos espazos da instalación. Do mesmo xeito, de haber público estes terán os dereitos e obrigas das persoas non usuarias do presente regulamento.

20.1.8. Concesión regular anual para práctica de actividade deportiva regular (adestramentos e competicións) a entidades con personalidade xurídica: organismos, colexios, asociacións, federacións, clubs, etc.

O calendario e procedementos de solicitude estableceranse no plan anual de actividades e servizos da instalación e aboaranse as taxas que estean recollidas na Ordenanza Municipal.

Nas concesións, será responsabilidade do colectivo ao que se lle concede a instalación, non participando o concello na xestión da actividade ou competición que se programe e quedando exento de responsabilidade sobre a mesma.

20.1.9. Concesión puntual de espazos a entidades con personalidade xurídica: organismos, colexios, asociacións, federacións, clubs, etc. para a celebración de actividades ou eventos deportivos federados ou non federados, dentro do horario de apertura da instalación. O calendario e procedementos de solicitude estableceranse no plan anual de actividades e servizos da instalación e aboaranse as taxas que estean recollidas na Ordenanza Municipal.

O calendario e procedementos de solicitude estableceranse no plan anual de actividades e servizos da instalación e aboaranse as taxas e exencións que estean recollidas na Ordenanza Municipal.

Nas concesións, será responsabilidade do colectivo ao que se lle concede a instalación, non participando o concello na xestión da actividade ou competición que se programe e quedando exento de responsabilidade sobre a mesma.

20.1.10. Concesión puntual a persoas xurídicas para a celebración doutros eventos non deportivos, dentro do horario de apertura da instalación.



O calendario e procedementos de solicitude estableceranse no plan anual de actividades e servizos da instalación e aboaranse as taxas que estean recollidas na Ordenanza Municipal.

O calendario e procedementos de solicitude estableceranse no plan anual de actividades e servizos da instalación e aboaranse as taxas e exencións que estean recollidas na Ordenanza Municipal.

Nas concesións, será responsabilidade do colectivo ao que se lle concede a instalación, non participando o concello na xestión da actividade ou competición que se programe e quedando exento de responsabilidade sobre a mesma.

22.2. Fóra do horario habitual de apertura da instalación:

22.2.1. Organización de eventos ou competicións deportivas federadas ou non federadas regulares de titularidade municipal fóra do horario de apertura.

O concello incluírá no plan anual de actividades e servizos da instalación, actividades deportivas federadas ou non federadas regulares, tales como ligas. Nelas detallaranse os procedementos e prazos de inscrición e as normas específicas das mesmas, así como as taxas e o prezo das mesmas.

En calquera caso, todas as persoas que se inscriban en ditas competicións ou eventos, terán os dereitos e obrigas das persoas usuarias recollidos no presente regulamento e o cumprimento das normas que rexen nos distintos espazos da instalación. Do mesmo xeito, de haber público estes terán os dereitos e obrigas das persoas non usuarias do presente regulamento.

22.2.2. Organización de eventos ou competicións deportivas federadas ou non federadas puntuais de titularidade municipal.

O concello poderá organizar eventos ou competicións con carácter puntual, tales como campus ou campionatos. Neles detallaranse os procedementos e prazos de inscrición e as normas específicas das mesmas, así como as taxas e o prezo das mesmas.

En calquera caso, todas as persoas que se inscriban en ditas competicións ou eventos, terán os dereitos e obrigas das persoas usuarias recollidos no presente regulamento e o cumprimento das normas que rexen nos distintos espazos da instalación. Do mesmo xeito, de haber público estes terán os dereitos e obrigas das persoas non usuarias do presente regulamento.

22.2.3. Organización doutros eventos municipais non deportivos con carácter puntual.

O concello poderá programar en calquera momento outro tipo de actividades non deportivas (semana da ciencia, exposicións...) Nelas detallaranse os procedementos e prazos de inscrición e as normas específicas das mesmas, así como as taxas ou o prezo das mesmas.

En calquera caso, todas as persoas que se inscriban en ditos eventos ou actividades, terán os dereitos e obrigas das persoas usuarias recollidos no presente regulamento e o cumprimento das normas que rexen nos distintos espazos da instalación. Do mesmo xeito, de haber público estes terán os dereitos e obrigas das persoas non usuarias do presente regulamento.

22.2.4. Concesión regular anual para competicións deportivas federadas a clubs.

O calendario e procedementos de solicitude estableceranse no plan anual de actividades e servizos da instalación e aboaranse as taxas e exencións que estean recollidas na Ordenanza Municipal.



En calquera caso, todas as persoas participantes en ditas competicións ou eventos, terán os dereitos e obrigas das persoas usuarias recollidos no presente regulamento e o cumprimento das normas que rexen nos distintos espazos da instalación. Do mesmo xeito, de haber público estes terán os dereitos e obrigas das persoas non usuarias do presente regulamento.

Nas concesións, será responsabilidade do colectivo ao que se lle concede a instalación, non participando o concello na xestión da actividade ou competición que se programe e quedando exento de responsabilidade sobre a mesma.

22.2.5. Concesión puntual de espazos a entidades con personalidade xurídica: organismos, colexios, asociacións, federacións, clubs, etc. para a celebración de actividades ou eventos deportivos federados ou non federados.

O calendario e procedementos de solicitude estableceranse no plan anual de actividades e servizos da instalación e aboaranse as taxas e exencións que estean recollidas na Ordenanza Municipal.

En calquera caso, todas as persoas participantes en ditas competicións ou eventos, terán os dereitos e obrigas das persoas usuarias recollidos no presente regulamento e o cumprimento das normas que rexen nos distintos espazos da instalación. Do mesmo xeito, de haber público estes terán os dereitos e obrigas das persoas non usuarias do presente regulamento.

Nas concesións, será responsabilidade do colectivo ao que se lle concede a instalación, non participando o concello na xestión da actividade ou competición que se programe e quedando exento de responsabilidade sobre a mesma.

22.2.6. Concesión puntual a persoas xurídicas para a celebración doutros eventos non deportivos.

O calendario e procedementos de solicitude estableceranse no plan anual de actividades e servizos da instalación e aboaranse as taxas e exencións que estean recollidas na Ordenanza Municipal.

En calquera caso, todas as persoas participantes en ditas competicións ou eventos, terán os dereitos e obrigas das persoas usuarias recollidos no presente regulamento e o cumprimento das normas que rexen nos distintos espazos da instalación. Do mesmo xeito, de haber público estes terán os dereitos e obrigas das persoas non usuarias do presente regulamento.

Nas concesións, será responsabilidade do colectivo ao que se lle concede a instalación, non participando o concello na xestión da actividade ou competición que se programe e quedando exento de responsabilidade sobre a mesma.

22.2.7. Concesión especial de uso ao CPI de Vedra durante o horario lectivo do curso escolar.

O CPI de Vedra será usuario exclusivo da instalación durante o horario lectivo, permanecendo pechada ao público. A coordinación e horarios estableceranse no plan anual de actividades e servizos da instalación. En calquera caso, será necesario o cumprimento das normas que rexen nos distintos espazos da instalación, outorgando acceso a determinados espazos ao persoal do colexio ou aos profesores (cadros de luces, almacéns...) A responsabilidade do que aconteza nesa franxa horaria na instalación será do CPI de Vedra.

Artigo 23. O concello establecerá cada curso as actividades e servizos no plan anual de actividades e xestión da instalación. No mesmo tamén se establecerá en cada actividade ou



servizo os períodos, prazos e procedementos de inscrición ou reserva e os prazos e procedementos de baixa ou renuncia, os prezos segundo as cotas que establezan as ordenanzas municipais reguladoras en cada ámbito e as formas de pagamento.

Artigo 24. Con independencia das propias taxas das actividades e servizos, o concello poderá esixir o depósito dunha fianza para responder dos danos que se puideran orixinar nas instalacións ou no valor dos dispositivos.

Artigo 25. Toda xestión, xa sexa inscrición, reserva, baixa ou renuncia deberá acreditarse mediante instancia, correo electrónico, sistema en liña de inscrición ou reserva, ou correo electrónico, en cada caso segundo corresponda, pero garantindo que a persoa usuaria poida ter un xustificante da xestión realizada. Nunca se aceptarán inscricións, reservas ou baixa nas actividades de palabra.

Artigo 26. A inscrición ou reserva nunha actividade ou servizo do pavillón levará implícita a aceptación das normas da instalación e do presente Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 27. O concello poderá limitar o número de persoas nas actividades e/ou servizos da instalación para un óptimo desenvolvemento das mesmas.

CAPÍTULO IV

Dos dereitos e obrigas das persoas usuarias e non usuarias

Artigo 28. As persoas usuarias teñen os seguintes dereitos:

28.1. Acceder á instalación e gozar das actividades e servizos, nos que se inscribisen ou reservasen, dentro horarios e espazos previstos para as mesmas, así como aos vestiarios e duchas.

28.2. Utilizar os materiais que se propoñan en cada actividade ou servizo, sempre utilizándoos con responsabilidade.

28.3. Esixir o cumprimento dos compromisos adquiridos na oferta pública de actividades e servizos, podendo formular as reclamacións e suxestións que crean oportunas en relación ao funcionamento das actividades e servizos da instalación. Así mesmo, poderán solicitar a identificación do persoal empregado ou responsable dos servizos na instalación, ao efecto de realizar as pertinentes reclamacións.

Artigo 29. As persoas non usuarias teñen dereito a:

29.1. Acceder aos espazos comúns da instalación: recibidor, oficina, aseos, accesos e gradas.

29.2. Poderán formular as reclamacións e suxestións que crean oportunas en relación ao funcionamento das actividades e servizos da instalación. Así mesmo, poderán solicitar a identificación do persoal empregado ou responsable dos servizos na instalación, ao efecto de realizar as pertinentes reclamacións.

Non terán dereito a acceder aos vestiarios e ás zonas deportivas, agás autorización expresa.

Artigo 30. Serán obrigas das persoas usuarias:

30.1. Satisfacer as cotas e taxas das actividades e servizos en tempo e forma e presentar os documentos ou tarxetas de identificación que fosen necesarias para gozar dos distintos servizos e actividades e acceder aos distintos espazos. En caso de ter pendente de pago unha cota ou



débeda nalgún dos servizos ou actividades da instalación, non poderán facer uso de ningún servizo da mesma ata a liquidación da débeda.

Artigo 31. Será obriga das persoas usuarias e non usuarias:

31.1. Comportarse dentro das instalacións coa debida corrección, tanto en actos como en linguaxe, procurando non molestar ao resto das persoas usuarias e actuando sempre dentro dos límites que impón a convivencia social. Este concepto de respecto mutuo faise tamén extensivo ao persoal da instalación, respectando os horarios das distintas actividades, servizos e espazos e cumprindo as indicacións do persoal.

31.2. Utilizar as instalacións, dependencias e materiais responsablemente, coidándoas e facendo coidadas, sendo responsables as persoas usuarias dos danos e prexuízos que por mala intención ocasione durante a súa estancia na instalación, tanto as mesmas e os materiais como a terceiros.

31.3. Ter especial coidado en manter limpas as zonas que utilicen, facendo uso das papeleiras e demais elementos destinados á recollida de desperdicios.

31.4. É obriga das persoas usuarias e non usuarias cumprir as sancións que lle imponha o concello.

Artigo 32. As persoas usuarias menores de 18 anos estarán baixo a tutela do monitor, cando estean inscritas nunha actividade deportiva municipal ou evento deportivo municipal. Cando accedan mediante unha reserva de pista, esta deberá ser realizada por unha persoa maior de idade que deberá estar presente na instalación, e será responsable de ditos menores. Nas concesións (regulares ou puntuais) a un colectivo (club, colexio, asociación, federación, etc), este nomeará un representante maior de idade que estará presente na instalación, facéndose responsable de ditos menores. O abandono de ditos menores na instalación por parte da persoa responsable será considerado como falta moi grave, non quedando exento de responsabilidade. En todos os casos deberá haber cos menores un responsable maior de idade quedando totalmente eximido de responsabilidade o concello de Vedra e o persoal da instalación.

Artigo 33. As persoas non usuarias menores de 12 anos deberán ir acompañadas dun maior de idade que asumirá a súa garda e custodia. No caso das persoas non usuarias de entre 13 e 18 anos poderán acceder como público xeral á instalación. Nos dous casos serán os seus responsables, titores ou proxenitores do posible incumprimento das normas e das responsabilidades que se poidan esixir.

Artigo 34. As persoas usuarias e non usuarias asumirán as perdas de obxectos persoais que se produzan nas instalacións como consecuencia da súa desaparición, extravío, deterioro ou posible roubo. O concello de Vedra e a empresa responsable da instalación non se farán responsables de ditas perdas, sexa cal sexa a súa natureza. Os obxectos perdidos, que se recollan na instalación depositaranse en "obxectos perdidos" durante o período de un mes. Transcorrido ese tempo trasladaranse a un almacén ou ao concello para que sigan o trámite legalmente establecido.

Artigo 35. Aquelas persoas usuarias e non usuarias que provoquen altercados, alteren a normal convivencia, teñan comportamentos negligentes, ou incumpran calquera das normas de uso da instalación, poderán ser expulsadas das mesmas, perdendo todos os dereitos que como usuarios puideran ter. Dita expulsión provisional pode ser decidida en primeira instancia pola dirección da instalación. Para a proposta de expulsión definitiva a dirección da instalación dará traslado ao concello de Vedra, que será quen tome a decisión definitiva, previa audiencia da persoa usuaria se fose necesario.

CAPÍTULO V



Normativa específica de uso dos distintos espazos do pavillón

Artigo 36. Uso da pista polideportiva.

36.1. Poderán acceder á pista polideportiva soamente as persoas usuarias da instalación nos horarios das actividades que estean inscritas, ou durante o tempo que teñan reservado ou concedido.

36.2. En ditos espazos poderán practicarse todos os deportes que por dimensións e características permitan as canchas e as regulamentacións específicas de ditos deportes.

36.3. Respectarase estritamente o tempo de uso que se teña concedido, non podendo acceder á pista antes do horario previsto, nin permanecer nela unha vez rematado este.

36.4. Os tempos de utilización estarán indicados no tipo de actividade e na concesión de horario da mesma, xa sexa mediante reserva, concesión ou inscrición nunha actividade.

36.5. As persoas usuarias menores de 18 anos accederán á pista baixo a tutela do monitor, cando estean inscritos nunha actividade deportiva municipal. Cando accedan mediante unha reserva ou outra concesión a un colectivo, farano baixo a responsabilidade da persoa maior de idade que reservou a instalación, ou da persoa responsable do colectivo que teña concedida a mesma.

36.6. É obrigatorio acceder con calzado deportivo á pista polideportiva, e recoméndase que este sexa diferente ao calzado co que se accede dende a rúa, e que se utilice roupa deportiva.

36.7. É obrigatorio colocar os materiais no seu lugar unha vez utilizados. O persoal da instalación non está obrigado a prestar máis que aquel material de infraestrutura deportiva: porterías, canastras, marcadores; ou non deportivo: bancos, mesas, cadeiras, debendo colaborar os colectivos co persoal da instalación na súa instalación e posterior colocación ou almacenaxe ao rematar o adestramento ou competición.

36.8. Está prohibido comer na pista polideportiva.

36.9. Utilizaranse as papeleiras da pista polideportiva, non deixando obxectos nin desperdicios abandonados. As persoas usuarias colaborarán para manter limpa a instalación.

36.10. Respectaranse os horarios de funcionamento e evacuación da instalación e as indicacións do persoal empregado nese senso.

Artigo 37. Uso das salas de actividades.

37.1. Poderán acceder ás salas de actividades as persoas usuarias da instalación nos horarios das actividades nas que estean inscritas.

37.2. En ditos espazos poderán practicarse as actividades específicas.

37.3. Limitarase o tempo de permanencia nas salas ao que duren as actividades, non accedendo a elas antes do horario previsto, nin permanecendo nelas unha vez rematada a actividade.

37.4. As persoas usuarias menores de 18 anos accederán ás actividades que teñan lugar na salas de actividades e estarán baixo a tutela do monitor da mesma.

37.5. É obrigatorio acceder con calzado deportivo ás salas de actividades, e recoméndase que este sexa diferente ao calzado co que se accede dende a rúa, e que se utilice roupa deportiva.



37.6. É obrigatorio colocar os materiais no seu lugar unha vez utilizados.

37.7. Está prohibido comer nas salas de actividades.

37.8. Utilizaranse as papeleiras das salas de actividades, non deixando obxectos nin desperdicios abandonados. As persoas usuarias colaborarán para manter limpa a instalación.

37.9. Respetaranse os horarios de funcionamento e evacuación da instalación e as indicacións do persoal empregado nese senso.

Artigo 38. Uso do ximnasio:

38.1. Poderán acceder ao ximnasio as persoas usuarias que estean aboadas ao mesmo.

38.2. Para o acceso ao ximnasio será necesario pasar a tarxeta de identificación polo lector na entrada do mesmo. A tarxeta é de uso persoal e non se pode prestar a terceiros.

38.3. Estará totalmente prohibido acceder sen tarxeta. Cando unha persoa se esqueza da mesma debe dirixirse ao persoal responsable da instalación e serán eles os que lle indiquen a forma de acceso.

38.4. Poderase estar no ximnasio todo o tempo que este permaneza aberto.

38.5. Non poderán baixo ningún concepto acceder ao ximnasio persoas menores de 18 anos.

38.6. É obrigatorio acceder con calzado deportivo ao ximnasio, e recoméndase que este sexa diferente ao calzado co que se accede dende a rúa, e que se utilice roupa deportiva.

38.7. É obrigatorio usar unha toalla para limpar a suor e limpar os aparellos unha vez utilizados.

38.8. É obrigatorio deixar libre os aparellos durante os descansos e respectar os tempos dos mesmos.

38.9. Na zona de peso libre é obrigatorio colocar os discos, barras e pesas nos seus lugares unha vez utilizadas.

38.10. Está prohibido sacar material do ximnasio, salvo autorización do persoal da instalación.

38.11. Está prohibido comer no ximnasio.

38.12. Utilizaranse as papeleiras do ximnasio, non deixando obxectos nin desperdicios abandonados. As persoas usuarias colaborarán para manter limpa a instalación.

38.13. Respetaranse os horarios de funcionamento e evacuación da instalación e as indicacións do persoal empregado nese senso.

Artigo 39. Uso dos vestiarios.

39.1. Poderán acceder aos vestiarios soamente as persoas usuarias.

39.2. Será obrigatorio que as persoas usuarias os usen sempre para cambiarse de vestimenta, quedando totalmente prohibido vestirse ou espirse fóra deles.



39.3. En ningún caso se poderá acceder aos vestiarios doutro sexo, agás nenas e nenos menores de idade que sexan persoas usuarias, en compañía da súa nai, do seu pai ou do/a titor/a.

39.4. Deberán utilizarse os gardarroupas para gardar a roupa, non podendo utilizalos máis tempo que o que se estea na instalación, quedando totalmente prohibido bloquealos ao rematar a xornada. En caso de observar o bloqueo dos mesmos, o persoal da instalación abriraos e procederá a depositar as pertenzas que neles estean en "obxectos perdidos", seguindo o mesmo procedemento e prazos que o resto de obxectos que alí estean depositados.

39.5. Cando unha persoa usuaria bloquee un gardarroupa, tendo en conta que a primeira vez pode producirse por erro ou despiste, o persoal da instalación faralle a advertencia desta prohibición. A reiteración pode ocasionar a perda da condición de persoa usuaria da instalación.

39.6. Se unha persoa usuaria perde a chave do gardarroupa no que teñan depositadas as súas pertenzas, indicarllo á persoa responsable da instalación e esta abrialle o gardarroupa, sempre e cando a persoa poida demostrar a propiedade de dito material.

39.7. Utilizaranse as papeleiras dos vestiarios, non deixando obxectos nin desperdicios abandonados. Por motivos de hixiene, queda terminantemente prohibido afeitarse, depilarse, facer a manicura ou a pedicura, ou tratamentos similares nos mesmos. As persoas usuarias colaborarán para manter limpa a instalación

39.8. Respectaranse os horarios de funcionamento e evacuación da instalación e as indicacións do persoal empregado nese senso.

Artigo 40. Uso dos aseos.

40.1. Poderán acceder aos aseos as persoas usuarias e as persoas non usuarias da instalación.

40.2. En ningún caso se poderá acceder ao aseo doutro sexo, agás nenas e nenos menores de idade en compañía da súa nai, do seu pai ou do/a titor/a.

40.3. Utilizaranse as papeleiras dos aseos, non deixando obxectos nin desperdicios abandonados. Por motivos de hixiene, queda terminantemente prohibido afeitarse, depilarse, facer a manicura ou a pedicura, ou tratamentos similares nos mesmos. As persoas usuarias e non usuarias colaborarán para manter limpa a instalación.

40.4. Respectaranse os horarios de funcionamento e evacuación da instalación e as indicacións do persoal empregado nese senso.

Artigo 41. Uso das zonas comúns (recibidor, corredores e gradas):

41.1. Poderán acceder ás zonas comúns as persoas usuarias e as persoas non usuarias da instalación.

41.2. Utilizaranse as papeleiras, non deixando obxectos nin desperdicios abandonados. As persoas usuarias e non usuarias colaborarán para manter limpa a instalación.

41.3. Respectaranse os horarios de funcionamento e evacuación da instalación e as indicacións do persoal empregado nese senso.

41.4. Non se correrá, nin practicaré deporte nas zonas comúns. Tampouco se utilizarán para cambiarse, vestirse ou espirse.



CAPÍTULO VIII

Infraccións e réxime sancionador

Artigo 42. Corresponde ao concello a adopción de medidas disciplinarias para coas persoas usuarias ou non usuarias, co obxectivo de salvagardar o cumprimento do regulamento de uso e os bens municipais existentes na instalación.

Artigo 43. As persoas empregadas na instalación están facultadas para expulsar da mesma a persoas usuarias e non usuarias cando estes fagan caso omiso das súas indicacións ou amoestacións verbais, incumprindo de forma reiterada algunha das normas contidas neste regulamento (ou normativa legal aplicable), ou que realicen accións que poñan en perigo a seguridade ou tranquilidade das demais persoas, á marxe da posterior sanción que poida impor o concello á persoa infractora.

Artigo 44. Todo incumprimento das normas e regulamentacións establecidas no presente regulamento será susceptible de sanción. Estas sancións serán impostas polo concello previo informe, nos casos de faltas graves ou moi graves. As sancións imporanse segundo a gravidade do feito, tendo en conta as reincidencias e poderán chegar a prohibir o acceso á instalación ou a perda da condición de persoa usuaria. No caso de que a infracción causara perda económica por rotura ou deterioro dalgún servizo, mobiliario, etc, a persoa causante deberá aboar o importe, e facer fronte á correspondente sanción.

Artigo 45. Ante un incumprimento que supoña sanción, a dirección da instalación enviará á maior brevidade un informe detallado ao concello, que será quen resolva a sanción a aplicar e a suspensión cautelar ou definitiva.

Artigo 46. As infraccións cualificaranse en leves, graves e moi graves:

46.1. Serán infraccións leves:

46.1.1. Non respectar a normativa específica de cada espazo, actividade ou o seu horario.

46.1.2. Utilizar as instalacións sen cumprir as normas establecidas.

46.1.3. Comer nas zonas deportivas ou fóra das permitidas.

46.1.4. Utilizar de xeito inadecuado os gardarroupas.

46.1.5. Non recoller o material unha vez utilizado.

46.1.6. Non utilizar as papeleiras ou abandonar desperdicios na instalación.

46.1.7. Correr, practicar deporte, vestirse ou espirse nas zonas comúns, cando exista un lugar habilitado ao efecto para todas esas cuestións (pista polideportiva, salas, vestiarios ou aseos).

46.1.8. Non atender as indicacións do persoal empregado na instalación.

46.2. Serán infraccións graves:

46.2.1. Provocar altercados aínda que non chegue ao nivel de agresións físicas ou verbais.

46.2.2. Introducir nas instalacións deportivas produtos que deterioren as instalacións.

46.2.3. Interromper deliberadamente de xeito puntual o normal desenvolvemento das actividades e servizos.

46.2.4. A reiteración de dúas infraccións leves.

46.3. Serán infraccións moi graves

47.3.1. Fumar, beber ou introducir bebidas alcohólicas ou substancias estupefacientes na instalación.

47.3.2. Agredir física ou verbalmente a outra persoa ou ao persoal da instalación.



46.3.3. Introducir nas instalacións deportivas produtos que deterioreen gravemente as instalacións.

46.3.4. Interromper deliberadamente unha actividade ou servizo, ata o punto de obrigar á suspensión da mesma ou do mesmo nesa xornada.

46.3.5. Furtar ou roubar material das instalacións.

46.3.6. Furtar ou roubar pertenzas doutras persoas.

46.3.7. A reiteración de dúas faltas graves.

46.3.8. Romper ou danar deliberadamente o material ou as instalacións.

46.3.9. Abandonar sen xustificación a menores de idade na instalación, cando se figure como responsable deles.

Artigo 47. As sancións que se imporán segundo a gravidade das faltas serán as seguintes:

47.1.- Sancións ás infraccións leves:

47.1.1. Advertencia verbal por parte do persoal da instalación.

47.2.- Sancións ás infraccións graves:

47.2.1. Amoestación privada por parte do persoal da instalación.

47.2.2. Obrigar a sufragar os gastos da reparación do dano ocasionado

47.3.- Sancións ás moi graves:

47.3.1. Amoestación por parte do concello.

47.3.2. Obrigar a sufragar os gastos da reparación do gasto ocasionado.

47.3.3. A prohibición temporal ou definitiva do acceso á instalación.

Artigo 48. O regulamento sancionador non entrará nas faltas leves ou agresións físicas ou verbais que se produzan nas competicións oficiais ou non oficiais, que contén xa cun réxime sancionador propio.

Artigo 49. As infraccións leves e graves serán sancionadas pola dirección da propia instalación. As infraccións moi graves só poderán ser sancionadas polo concello, previo informe da dirección da instalación e audiencia das persoas interesadas se fose necesario.

Artigo 50. Ante sancións por infraccións moi grave poderase interpoñer recurso administrativo.

Artigo 51. O procedemento sancionador no caso das faltas moi graves será o previsto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CAPÍTULO IX

Do disposto no presente regulamento.

Artigo 52. A interpretación e aplicación do presente regulamento corresponde ao concello. A persoa ou entidade encargada da xestión do servizo actuará por delegación municipal nas funcións de interpretar e aplicar as disposicións, debendo liquidar do xeito máis xusto e equitativo os problemas no uso diario das instalacións.